

ATENCIÓN PRIMARIA

NON EXISTE XESTIÓN EFICIENTE SEN PLANIFICACIÓN

A Consellaría de Sanidade ten que por fin as políticas de improvisación e recortes

Durante o nadal vanse producir ausencias de persoal motivadas polas vacacións e días libres que o persoal ten dereito a desfrutar. Esta situación vai coincidir coa onda da gripe, que tamén afecta as/os profesionais. **Non se pode reproducir a situación xerada no verán.**

CIG-SAÚDE esixe do SERGAS e da Consellaría de Sanidade que, de inmediato, convoque en cada EOXI, unha **comisión técnica para planificar as medidas a tomar no mes de decembro na atención primaria**. **CIG-SAÚDE** esixe que as organizacións sindicais formen parte das devanditas comisións.

Nas comisións técnicas, entre outros factores, **haberá que analizar:**

- Nº de traballadores/as que van desfrutar as vacacións.
- Nº de traballadores/as que van desfrutar os días libres.
- Previsión de I.T. dos/as profesionais.
- Incidencia da gripe no nº de consultas dos anos anteriores: nos Centros de saúde, nos PACs e nos domicilios.
- Outros temas que teñan relevancia na planificación dos Recursos.

Unha vez analizada a situación, **desde a CIG-SAÚDE propoñemos que se tomen, entre outras, as seguintes medidas:**

- Oferta dun **contrato continuado**, de afectación a todos os colectivos, para cubrir as ausencias desde o 1 de decembro até que descenda a onda da gripe.
- De non existir persoal suficiente, nalgún colectivo, ofertar **prolongación da súa xornada**. As ofertas de traballo en PACs levarán implícita a retribución da nocturnidade e a festividade.
- A prolongación nas unidades e servizos de atención primaria, retribuirase como xornada extra. O obxectivo é evitar a intersubstitución. Está demostrado que **a intersubstitución colapsa e xera listas de agarda**.

Un ano máis non podemos recibir da Administración Sanitaria a resposta de que non hai persoal dispoñible. E do que si hai, non contratar pola política de recortes.

O SERGAS non pode agardar a ofertar a cobertura das ausencias cando xa non haxa persoal dispoñible, porque os profesionais teñen ofertas na sanidade privada que melloran as condicións de traballo da sanidade pública.

Improvisar non é xestionar, a planificación é garantía dunha boa asistencia